

Boqueixón investirá 4.700.000 euros en alumado LED e 17 km de sendas peonís

O Concello de Boqueixón vai investir case 4,7 millóns de euros na modernización do seu alumado público con tecnoloxía LED e na creación de 17 quilómetros de sendas peonís. “Con estas inversións melloraremos a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, tanto polo aforro en custes enerxéticos como polo incremento dos itinerarios peonís de cara a conseguir uns hábitos de vida máis saudables”, explica o alcalde, Manuel Fernández Munín.

Dous investimentos que se farán realidade nos próximos meses, toda vez que o Concello vén de recibir a confirmación da concesión de dúas subvencións do programa DUS 5000 do Ministerio para a Transición Ecolóxica e para o Reto Demográfico por 3.913.640€. O Concello complementará esta subvención cunha



O Concello estenderá o alumado LED a todas as parroquias do municipio

achea de 773.760€ de fondos propios.

Mellora do alumado

Así, Boqueixón modernizará a súa rede de alumado público mediante un sistema de telexestión e a substitución das luminarias coa incorporación da tecnoloxía LED. Esta inversión supón un desembolso de 1.698.400€, dos que o Concello achegará 254.760 €.

Con esta actuación, o Concello pretende reducir a contaminación lumínica e ambiental, así como aforrar en custes ante a suba dos prezos da enerxía, mediante a substitución de todos os puntos de luz do alumado público por un sistema LED máis eficiente. Actualmente, os núcleos de O Forte, Camporrapado, Ponte Ledesma e Ardesende xa dispoñen desta tecnoloxía LED

na súa de rede de alumado. O proxecto irá acompañado dun sistema de telexestión que permitirá un control directo sobre as luminarias.

Sendas peonís

Por outra banda, confirmouse a aprobación dun proxecto por 2.989.000 euros, dos cales o Concello achegará case 519.000 €, para a execución de 11 actuacións, que suporán a creación de 17 quilómetros de sendas peonís en distintos puntos do municipio.

O alcalde explica que “a execución das sendas peonís supón a ampliación de viarios xa existentes e, nalgúns casos, a cesión por parte da veciñanza para que se poidan executar esas ampliacións. Nos próximos meses redactaranse os proxectos e iremos presentándollos aos veciños e veciñas”.

Visita ás melloras no parque infantil do CRA de Sergude

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, e o delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, visitaron Boqueixón para coñecer as actuacións levadas a cabo no parque infantil do CRA de Sergude. O alcalde, Manuel Fernán-

dez Munín, e concelleiro de Economía e Facenda, José Manuel Iglesias Gómez, explicáronlles que se instalou unha cuberta de 156 m² e un novo pavimento, ademais, de dotar este espazo infantil cun conxunto de xogos infantís composto por dous



resortes individuais, un bambán dobre de aceiro inoxidable e un conxunto

torre de xogos realizado en madeira de piñeiro. A Xunta achegou 35.000 €.

Martes de Entroido e Día da Ascensión, festivos locais para 2023

O Pleno municipal de setembro aprobou os festivos locais para 2023, que se manteñen como este ano 2022: martes de Entroido (21 de febreiro) e Día da Ascensión (xoves 18 de maio).

Axudas á natalidade: tes 15 días dende o nacemento para solicitálas no Concello

O Concello de Boqueixón lembra que continúa aberto o prazo para solicitar as axudas para a promoción da natalidade, adopción ou acollemento e fomento do comercio local para o exercicio 2022. O prazo é de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao nacemento ou a collida.

A axuda ascende a 400 euros, o dobre do ano pasado, que deberán destinarse a sufragar parcialmente os custes derivados do nacemento e servir de axuda ao comercio local, xa que todo o gasto terá que facerse en empresas radicadas no municipio. Máis información: 981 513 061.

O Concello edita a partitura "A batalla de Ponte Ledesma"

O Concello vén de editar a partitura "A batalla de Ponte Ledesma", unha composición de 8 cadros sinfónicos composta polo estradense Simón Couceiro Riveira e que pon música ao enfrontamento entre a veciñanza e as tropas napoleónicas. Unha peza que se puido escoitar por vez primeira o pasado 7 de agosto, durante a recreación da batalla. O Concello repartirá esta partitura entre as distintas agrupacións musicais de Galicia.



O prazo de pago dos recibos do lixo e da contribución remata o 15 de novembro

O Concello de Boqueixón informa de que os recibos da contribución (IBI) e do lixo están a chegar nestes días por correo postal. Dado que hai direccións que non están actualizadas na Deputación da Coruña, entidade que remite os recibos, é posible que o servizo de Correos non poida repartir os devanditos recibos.

Todos aqueles veciños e veciñas que non reciban os recibos do lixo e do IBI, e que non teñan domiciliado o seu pago, poden optar por algunha destas opcións:

- Acudir á sede de Correos, entre as 8:30 e as 9:30 horas, para recoller os recibos para o seu posterior pago.
- Acudir ás oficinas do Concello e solicitar un duplicado para facer o pago e, ao mesmo tempo, cambiar a dirección postal na base de datos da Deputación, para evitar así ter que facer este trámite no futuro.

O Concello de Boqueixón lembra que o prazo ordinario para o pago dos recibos da contribución e do lixo remata o día 15 de novembro de 2022.

Próxima convocatoria de 7.000 € en axudas a comisións de festas para contratar orquestras

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña, vai convocar nos próximos días unhas axudas dirixidas ás comisións de festas do municipio. Unha subvención de 7.000 euros que servirán para sufragar os gastos de contratación de

orquestras entre os meses de xaneiro a decembro de 2022.

Poderán acceder a estas axudas aquelas entidades legalmente constituídas como asociacións ou as comisións de festas que dispoñan de personalidade xurídica e capacidade de obrar (é dicir, que

dispoñan de CIF/NIF), carezan de fins de lucro e estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, sen ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda do Concello.

As orquestras que se poden contratar deben ter o domicilio fiscal e social

en Galicia, ter unha antigüidade mínima de dous anos e contar cun mínimo de seis integrantes.

Aquelas comisións de festas de Boqueixón que estean interesadas en acceder a estas axudas, poden consultalas no Departamento de Cultura do Concello: 981 513 115.

O Concello investirá 1,5 millóns de euros en infraestruturas e servizos

O Concello de Boqueixón vén de aprobar unha segunda modificación de crédito de 105.527 euros para poder acometer investimentos por un importe de 367.695 euros en sete proxectos de mellora no municipio. Unha modificación que se suma aos 1.116.943 euros aprobados en xullo con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería e que permitirán para acometer actuacións “que responden ás necesidades e peticións achegadas polos veciños e veciñas de Boqueixón”, explica o concelleiro de Economía e Fazenda, José M. Iglesias.

“Tal e como anunciamos na aprobación da primeira modificación en xuño, hoxe traemos esta segunda modificación para cubrir a achega municipal a proxectos de investimento da Xunta e da Deputación, así como proxectos propios como a adquisición de contedores para a recollida de residuos sólidos urbanos e amarres para os mesmos”, sinala José Manuel Iglesias.

Programa de inversións

Entre as actuacións máis importantes figuran a mellora do viario entre A Pena e A Moa, na parroquia de Loureda, onde o Concello investirá 159.887,63 euros. “Trátase dunha obra que temos previsto facer dende hai tempo e que agora podemos finalmente acometer”, apunta o voceiro do Grupo de Goberno.

Así mesmo, o Concello, en colaboración coa Xunta e Vedra, investirá 60.000 euros na construción dunha ruta de sendeirismo entre



O Concello comprará amarres para os contedores das distintas parroquias

Donas e Gundián. Unha actuación conxunta emprazada no Fondo de Compensación Ambiental. Así mesmo, o Concello de Boqueixón acometerá melloras no lo-

cal social de Codeso por un importe de 34.423,06 euros, dos que o ente local achegará o 31% e o resto será financiado pola Xunta de Galicia.

Aglomerados, plan de sinalización e mellora de parques infantís

Esta segunda modificación de crédito súmase á aprobada a principios de verán, proxectos que xa están en marcha. Entre eles figuran a mellora con aglomerado do viario das pistas de Casalpegito á Moa (224.462,82 euros) e de Ardarís a Rubial (174.893,19 euros).

O Concello destinará 91.593€ á construción dun novo parque infantil no campo da festa de Lestedo. Ademais, achegará outros 57.676€ a melloras nos parques infantís das unitarias de Camporrapado e Lestedo, que incluírán o cambio do chan, a reparación de xogos e a colocación de novas instalacións.

Ademais, o Concello destinará 261.947 € á realización dun plan de sinalización de núcleos de todo o municipio e investirá 64.473 euros na mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas.

Outras actuacións en marcha son 150.000 euros para a mellora dos viarios perimetrais do polígono de Camporrapado, case 30.000 euros para unha senda en Rubial, os 48.397 euros para acondicionar unha área recreativa en Gastrar e outros 15.145,34 euros para corrixir impactos paisaxísticos no lavadoiro de Camporrapado.

Melloras no servizo de recollida do lixo

Por outra banda, o Concello fará un importante investimento en materia medioambiental e recollida de lixo. Entre os proxectos previstos figuran a adquisición dun camión para a creación dun punto limpo móbil, por 71.390 euros. Este novo servizo favorecerá a recollida de residuos especiais susceptibles de recuperación e que non son recollidos no sistema ordinario: pilas, baterías, lámpadas, tubos fluorescentes, vidro, aceites usados, roupa, calzado... Ademais, evitará que a veciñanza teña que desprazarse cos residuos, xa que o punto limpo móbil achegarase ás aldeas dun xeito periódico e seguindo un plan de viaxe que será dado a coñecer polo Concello a través das súas canles habituais de comunicación cos veciños e veciñas.

Así mesmo, o Concello de Boqueixón investirá 14.924 euros na adquisición de contedores para envases lixeiros así como outros 12.077 euros para a compra de contedores marróns, para a recollida de residuos orgánicos. A actuación complementárase cun investimento de 14.993 euros para a adquisición de 85 dispositivos de suxeición para contedores.

Día do Camiño: ruta de Dornelas ao Pico

A Asociación de Municipios do Camiño de Inverno e os Concellos de Boqueixón e Vedra organizan unha ruta entre Dornelas e o Pico Sacro para conmemorar o Día do Camiño, que se celebrará o 8 de outubro.

Hai dúas posibilidades: facer unha ruta de 18 quilómetros (saíndo ás 9:30 horas de Dornelas) ou de 11 quilómetros (partindo ás 11:30 horas de Ponte Ulla). A igrexa románica de San Martiño de Dornelas, a vila de Ponte Ulla, a fonte do Santiaguiño e o Pico Sacro, son algúns dos atractivos. Ao finalizar haberá unha degustación de produtos locais de Boqueixón e Vedra, así como traslado en autobús de volta aos respectivos puntos de saída.

As persoas interesadas en participar poden anotarse en casadospeons@concellodevedra.gal ou chamando ao 981 814 612.



DÍA DEL CAMINO

RUTA DORNELAS - PICO SACRO

8 de outubro

SALIDAS:
 9:30 H DORNELAS 18.5 KM
 11:30 H PONTE ULLA 11 KM

• Degustación de produtos de Vedra y Boqueixón
 • Desplazamiento en autobús para la recogida de vehículos al finalizar degustación

Inscripciones
casadospeons@concellodevedra.gal
 981814612

Logos: Concello de Vedra, Concello de Boqueixón, Concello de Santiago de Compostela

Boqueixón estará en Xantar da man do Camiño Miñoto Ribeiro

A gastronomía de Boqueixón estará presente na próxima edición do Salón Internacional de Turismo Gastronómico "Xantar", que terá lugar no recinto Expourense do 9 ao 13 de novembro. Unha presenza no stand da asociación de concellos Camiño Miñoto Ribeiro, que dará a coñecer a riqueza gastronómica deste itinerario galaico-portugués que discorre desde Braga a Santiago de Compostela. O alcalde, Manuel Fernández Munín, asistiu á asemblea da asociación, que tamén aprobou as súas contas.



Lestedo acolleu unha exposición para promover a Vía da Prata

O parque infantil de Lestedo acolleu durante unha semana un xogo interactivo e unha mostra fotográfica dos atractivos naturais, arquitectónicos, etnográficos e paisaxísticos da Vía da Prata. Unha mostra organizada ao abeiro do programa O Teu Xacobeo, da Xunta de Galicia, e que foi visitada polo alcalde, Manuel Fernández Munín, e o concelleiro de Turismo, José Manuel Canabal Vázquez.



A mocidade de Boqueixón continúa medrando en competencias lingüísticas

Once mozos e mozas de Boqueixón veñen de conseguir os certificados oficiais dos niveis B1 e B2 de Oxford, tras superar con suficiencia o correspondente exame de competencias en inglés. Nun acto no salón de Plenos, a rapazada recibiu os diplomas acreditativos, a culminación de moitos anos de traballo xa que moitos deles levan dende Primaria nos cursos de inglés do Concello, nos que este ano participan 80 alumnos.

O Encontro de Maiores reuniu a máis de 300 persoas

Algo máis de 300 persoas participaron no 29 Encontro de Maiores do Concello de Boqueixón. A xornada arrincou cunha misa no salón de actos do colexio, que deu paso ao xantar no polideportivo do Forte. Como xa é tradición, o Concello homenaxeou ás dúas persoas de maior idade desta cita: Carmen de la Fuente Vázquez e Castor Pereiro Vázquez, de 97 e 90 anos, respectivamente. Ambos os dous levaron cadansúa placa conmemorativa.

Ademais, e grazas á colaboración de Gasolineras SBC, sorteáronse agasallos entre as persoas asistentes. Aasallos que foron entregados polo alcalde, Manuel Fernández Munín, e polo deputado autonómico Ovidio Rodeiro Tato.



Carmen de la Fuente e Castor Pereiro recibiron cadansúa placa conmemorativa

O Club de Maiores volve ao escenario o 6 de novembro

A casa da cultura acollerá o domingo 6 de novembro, ás 17:30 horas, unha nova actuación do Club de Maiores de Boqueixón que, tras o cheo absoluto do pasado mes de maio, ofrecerán un segundo pase da súa comedia de enredo *"Un morto moi vivo"*. Reserva a túa entrada no Departamento de Cultura. Esta obra abrirá o ciclo de teatro amateur Boca-Aberta, que terá lugar en novembro.

En outubro haberá un ciclo de teatro profesional coas comedias: *"Top Manta"*, de Fulano Mengano e Citano (domingo 2) e *"DEP"*, de Malasombra Teatro (domingo 23). Ambas as dúas ás 17:30 horas na Casa da Cultura de Camporrapado.



Mocidade e terceira idade, unidos pola música

Uns mozos e mozas da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio visitaron recentemente a casa do maior Lodeiro, onde tocaron unhas pezas para os maiores que acoden a este centro da parroquia de Loureda. Unha tarde de lecer e festa grazas a estes mozos e mozas xa que animaron aos maiores a botar unhas bailas, lembrando aquelas festas da súa mocidade que tanto disfrutaban.



O pazo de Quián acolleu o acto de entrega das Medallas Pardo Bazán

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, entregou as Medallas Pardo Bazán, que premian a traxectoria de mulleres e entidades que traballan a prol da igualdade. Este ano premiouse a Cristina Fernández, primeira fareira de Galicia; a asociación Íntegro, que facilita o acceso de mulleres con discapacidade ao mundo laboral; e a Fundación María José Jove, pola súa terapia con cans para crianzas vítimas da violencia machista.

Un verán para a mocidade e a conciliación

Coa chegada do curso escolar, o Concello pecha a súa programación especial de verán, que non só axudou ás familias a conciliar senón que ofreceu unha alternativa de lecer moi atractiva. Iniciativas de conciliación xa tradicionais como o *Verán Activo* contaron cuns 140 participantes, aos que se sumaron máis de 150 nas diferentes propostas como os campamentos de verán nas Rías Baixas ou novidades como esa viaxe da mocidade a Ibiza... e por partida dobre!!!

E como en Boqueixón o lecer tamén pode ser solidario, mención especial merecen os mozos e mozas que participaron nas distintas iniciativas de Voluntariado: o CREA, que fomentou a compostaxe veciñal; "Unindo Roteiros", que comunicou as rutas dos Pescadores e San Xoán da Cova; ou o novo *Voluntariado Activo*, o "debut" para 28 rapaces nados no 2006 e 2007.



Os maiores de Boqueixón desfrutaron do programa "Coidados porta a porta"

O Forte acolleu a finais de setembro a unidade móbil do programa "Coidados porta a porta", onde os maiores de Boqueixón puideron realizar de balde unha revisión da súa audición; acceder a un servizo de atención podolóxica para previr e tratar as principais patoloxías dos pés; ou realizar probas de valoración cognitiva e exercicios de estimulación para a prevención de enfermidades coma o Alzheimer. Unha iniciativa posta en marcha pola Consellería de Política Social.



O Restaurante O Balado recibe o diploma SICTED á calidade turística


Marta e Roberto, do restaurante O Balado, veñen de recibir da man do GDR Terras de Compostela o diploma SICTED, que acredita a calidade turística en destino. O acto de entrega tivo lugar en Santa Comba, ata onde se desprazaron o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e o concelleiro de Economía, José Manuel Iglesias. A entrega estivo presidida pola directora de Turismo de Galicia, Nava Castro; e a presidenta do GDR, Guarina Rey.

Anacos do noso A memoria de Lestedo, en imaxes

A Asociación de Veciños de Lestedo vén de presentar un libro, chamado "A memoria dun pobo, Lestedo", unha auténtica recompilación de anacos fotográficos na que condensa máis de 140 anos da parroquia en tan só 64 páxinas. Un labor, o de compilar, moi complicado pois, a pesar de ser unha publicación aлегada de imaxes dende 1880 e 1997, "quedou aínda moito material", confirma José Manuel Gacio, coordinador do proxecto.

Unha iniciativa que ten a súa orixe 31 anos atrás, concretamente no ano 1991 cando a Asociación Cultural Castrelo fixera unha exposición de dous días chamada "Lestedo no tempo". Unha mostra "para a que recollemos as fotos casa por casa. As orixinais", lembra Gacio Vázquez, xa que "daquela non había a dixitalización que hai agora e tiñamos que xogar coa confianza desas persoas pois estas fotos para eles son pequenas xoias".

Entre 1991 e 1995 traballouse noutro proxecto: "Lestedo paso a paso", máis de dúascentas horas de gravación sobre a parroquia na que se podía atopar de todo. Porque os días en Lestedo eran días de feira, de escola, de labranza, de recreación da tralatío ao Pico Sacro ou mesmo de gravacións aéreas desde un helicóptero, pois daquela nin se sabía que era un dron. "Incluso indo a buscar as vacas do país a Loureda, porque non tiñamos", comenta José Manuel Gacio.



A orixe: o WhatsApp

Dous importantes precedentes pero que aínda non se materializaban nunha publicación. Tivo que ser a pandemia do coronavirus e, máis concretamente, o aburrimiento que todos sufrimos durante o confinamento, do que saíra a primeira faísca que pren-

deu o lume que desembocaría na edición de "A memoria dun pobo, Lestedo".

Un de tantos grupos de WhatsApp foi a orixe desta fermosa iniciativa de recuperación e posta en valor da nosa historia e do noso patrimonio fotográfico. Porque a través dese grupo da parroquia

non so chegaban fotografías dos veciños e veciñas encerrados en Lestedo, senón tamén doutros lonxe da terra e que achegaron os seus recordos dende localidades como Madrid, Barcelona...

Porén, o libro aínda tivo que agardar un tempo pois primeiro era necesario "recuperarnos económica, laboral e mentalmente do confinamento", recorda o coordinador da publicación, quen "a través da Asociación de Veciños de Lestedo, xuntámonos e fomos falando coas persoas que compartiran imaxes interesantes para que nos achegaran os orixinais. Puxémolo en orde cronolóxica e documentámola".

Entre outras xoias presentes no libro, e que son auténticos anacos da historia de Lestedo, figuran a imaxe máis antiga, datada no 1880. A partir de aí, 64 páxinas de fotografías de veciños e veciñas de Lestedo, cunha excepción: unha imaxe de Ruth Matilda Anderson, unha prestixiosa fotógrafa que inmortalizou a vida e os costumes da Galicia de hai máis de cen anos. E, entre elas, a súa icónica imaxe "Muller de Lestedo a cabalo", datada en 1924.

Máis non todo son imaxes, tamén se recolle o himno de Lestedo, así como cantares de Entroidos de cada aldea e historias de persoeiros, como a do muiñeiro de Ramil, Manuel Sinde Regueira. Aquelas persoas que non puideran conseguir un exemplar durante a presentación, poden adquirilo na librería Lino.



O ximnasio municipal reabre as súas portas cunha nova sala multideporte

O vindeiro día mércores 5 de outubro é a data prevista polo Concello de Boqueixón para proceder á reapertura do ximnasio municipal do Forte. Unha instalación que estará totalmente renovada e presentará unha serie de melloras para os veciños e veciñas.

Entre elas destaca unha nova sala de multideporte, enfocada ao adestramento funcional e que estará dotada co material propio para a práctica deste tipo de actividades. Outra das novidades será a posta en marcha dun sistema de control de acceso para as persoas socias e usuarias da instalación. O prezo polo uso do ximnasio municipal será de 20 euros ao mes.



Escolas deportivas

Así mesmo, o propio 5 de outubro darán tamén comezo as actividades deportivas para adultos e nas

escolas deportivas infantís, para as que se manterá aberto o prazo de inscrición durante a primeira semana de outubro. A oferta do

Concello de Boqueixón inclúe as escolas deportivas infantís de patinaxe e ximnasia rítmica así como varias actividades para adultos como zumba (no Forte, Lestedo e Camporrapado), pilates (no Forte, Ledesma e Lestedo), bailoterapia (no Forte) e ximnasia de maiores (no Forte).

Toda a información sobre horarios, prezos, prazas e grupos están dispoñibles na web municipal (www.boqueixon.gal), así como as fichas de inscrición, que deberán presentarse no Rexistro do Concello ou a través da Sede Electrónica. Máis información no Departamento de Deportes: 981 513 061 ou no mail deportes@boqueixon.com.

AXENDA DO MES DE OUTUBRO

Mércores 5
Reapertura do ximnasio municipal
O Forte.
Nova temporada nunha instalación renovada. Prezo: 20 €/mes.
Máis información na web municipal.

Sábado 8
Día do Camiño: ruta Dornelas-Pico Sacro
Saída ás 9:30 horas de Dornelas ou ás 11:30 horas de Ponte Ulla. De balde. Inscricións no 981 814 612 ou en casadospeons@concellodevedra.gal

Mércores 19
"#2pilgrims", Redrum Teatro
CPI Antonio Orza Couto
13:00 horas.
Espectáculo con unidade didáctica en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero.

Venres 21
"1º Galicia Ilusiona coa maxia", Pedro Bugarín
Instalacións do Forte.
16:00 horas.
Espectáculo de maxia para un público familiar. Inscricións no Departamento de Cultura.

Domingo 23
"DEP", Malasombra Teatro
Casa da Cultura de Camporrapado.
17:30 horas. De balde.
Comedia sobre as pelexas por unha herdanza.

Venres 28
Charla Consumo: Servizos financeiros
Casa do Concello.
17:00 horas. De balde.
Información e asesoramento en materia bancaria e financeira. Inscricións no Departamento de Cultura.

e en novembro...

Sábado 5
Presentación do libro "8 señas", de Noelia Míguez Vázquez
Casa da Cultura de Camporrapado.
17:30 horas. De balde.
Entrada libre ata completar aforo.

Domingo 6
"Un morto moi vivo", Club de Maiores de Boqueixón
Casa da Cultura de Camporrapado.
17:30 horas. De balde.
Comedia de enredo que abrirá o Ciclo BocaAberta, de teatro amador. Reserva de entradas no Departamento de Cultura: 981 513 115.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com